

**INFORMACIÓN XERAL**  
**OBRADOIROS SEMANA SANTA 2023**

- **Destinatarios:** para o alumnado de 4º, 5º e 6º de E. Infantil, toda E. Primaria, e 1º da ESO.

- **Datas de celebración:** os días 3,4,5 e 10 de abril de 2023.

- **Lugar de realización:** Realizarase no CEIP Wenceslao Fernández Flórez (pavillón polideportivo, aula usos múltiples, aula ANPA, ximnasio e comedor do centro e baños anexos a cada espacio).

A realización das actividades neste centro escolar está supeditada a súa autorización polo Consello Escolar do centro e autoridade competente.

- **Prazas:** O número total de prazas para que se poñan en marcha as actividades do campamento e que se van a ofertar é de mínimo 20 e o número máximo de 84.

Prazas mínimas e máximas para que se leven a cabo os servizos:

SERVIZOS	Mínimo Máximo	
	Mínimo	Máximo
Atención aos participantes a 1ª hora	10	84
Almorzo	10	
Actividades	20	
Comida	25	
Transporte	10	

- **Inscripcións:** O período de inscrición irá do 6 ao 13 de marzo de 2023 (ambos inclusive).

- **Selección dos/das participantes:** Se houbera máis solicitudes que prazas farase unha valoración de solicitudes tendo en conta os seguintes criterios e na seguinte orde:

- 1º.- Empadramento: terán preferencia en primeiro lugar os nenos e as nenas empadroados/as en Cambre, logo os que os seus/súas pais/nais ou titores/as traballen no municipio de Cambre e por último os nenos e as nenas empadroados/as noutros municipios.

- 2º. - Situación laboral: valorarase esta situación primeiro en relación aos empadroados/as, a continuación aos que traballan no municipio e por último aos empadroados/as noutros municipios:

- en primeiro lugar: se os/as dous/dúas proxenitores/as traballan nos días para o que solicita o campamento; no caso de ser monoparental, se o seu proxenitor/a traballa nos días para o que solicita o campamento; no caso de separación ou divorcio se traballa nos días para o que solicita o campamento o/a proxenitor/a que ten ao seu cargo o/ a seu/ súa fillo/a.
- en segundo lugar: se un/unha proxenitor/a traballa nos días para o que solicita o campamento e o outro/a non.
- en terceiro e último lugar: cando non traballa ningún dos proxenitores/as.

- 3º.- No caso de empate, terase en conta o nivel de renda per cápita anual da unidade familiar do ano 2021 e terán preferencia o que teña menor nivel de renda per cápita anual en diante.

Para xustificar a situación laboral deberán presentar, cando se lle requira, un informe da empresa no que conste que ten que traballar os días nos que solicita o campamento para o/a seu/súa fillo/a, ou calquera outro documento que o acredite; no caso de autónomos o último recibo de pago ou outro documento que acredite a súa situación laboral activa e declaración xurada que indique que ten que traballar os días nos que solicita o campamento para o/a seu/súa fillo/a.

- **Solicitudes presentadas fóra do prazo:** A orde das solicitudes presentadas fóra de prazo virá determinada segundo a data de presentación da súa solicitude de inscrición.

- **Lista de agarda:** No caso de que se presenten máis solicitudes de inscrición que o nº de prazas máximo que hai, elaborárase unha lista de agarda.

E no caso de haber baixas dos/das participantes admitidos/as, chamarase por orde da lista de agarda para darlle de alta ao que corresponda se este segue interesado/a en participar.

- **Documentación para a inscrición:**

- Solicitude de inscrición (segundo modelo normalizado) a descargar na páxina web municipal.
- Documentación acreditativa do núm. IBAN de conta bancaria onde se fará o cargo do prezo público correspondente ás actividades.
- Documentación necesaria para acreditar as reducións marcadas na solicitude de inscrición.
- Autorización asinada polo/a solicitante e todos os membros da unidade familiar para que o concello de Cambre solicite o nivel de renda á Axencia Tributaria do ano 2021 e Libro de Familia completo: Só no caso de que soliciten redución da tarifa da comida.

Esta documentación terase que presentar:

- Via telemática pola sede electrónica do concello de Cambre, ou
- En calquera dos rexistros de entrada municipais ou por calquera dos medios establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- **Documentación no caso de haber máis solicitudes que prazas (será solicitada polo Concello ao interesado/a):**

- Informe da empresa no que conste que o/a traballador/a vai traballar nos días para os que solicita o campamento para o/a seu/súa fillo/a, ou calquera outro documento que o acredite (un ou os dous proxenitores/as segundo corresponda). No caso de separación ou divorcio a persoa que estea co seu/súa fillo/a os días para os que solicita o campamento. No caso de autónomos o último recibo de pago ou outro documento que acredite a súa situación laboral activa e unha declaración xurada na que indique que vai traballar nos días para os que solicita o campamento para o/a seu/súa fillo/a.
- Autorización asinada polo/a solicitante e todos os membros da súa unidade familiar maiores de idade para que o Concello de Cambre solicite o nivel de renda á Axencia Tributaria do ano 2021.
- Libro de familia completo, para saber cantos membros forman a unidade familiar.

- No caso de separación ou divorcio, sentenza de separación, convenio regulador onde indique a pensión de manutención que percibe polo/a seu fillo/a (de ser o caso).

Se xa presentou no ano 2022 ou no 2023 o Libro de Familia, a sentenza de separación, convenio regulador e o nº de IBAN, non será necesario que o presente de novo con esta solicitude se esa documentación está en vigor, pero si é obrigatorio que o indique expresamente na súa solicitude, con mención expresa ao expediente no que obre a documentación.

O concello de Cambre, poderá solicitar canta información necesite para calcular a renda per cápita anual da unidade familiar se así o estima oportuno para o que a familia deberá presentar a documentación requirida no prazo que se estableza.

- **Servizos:** O programa diario estará estruturado da seguinte forma:

- Haberá servizo de Mañanceiro a primeira hora da mañá con almorzo incluído, para quen o solicite, de 7:30 a 9:30 horas sen servizo de transporte, polo que son os pais/nais/titores os que teñen que levar directamente aos seus/súas fillos/as ao centro escolar.
- Haberá servizo de transporte para os que o soliciten, con paradas nos centros escolares e urbanización da Barcala.

PARADA	Horario de ida	Horario de volta
CEIP Plurilingüe Graxal	8:50 h	17:05 h
CEIP Portofaro	8:55 h	17:00 h
P. Bus rotonda entrada A Barcala	8:55 h	17:00 h
EEl San Bartolomeu de Pravio	9:00 h	16:55 h
CEIP Emilio Glez. López de Brexo-Lema	9:05 h	16:50 h
CEIP GTB de Sigrás	9:15 h	16:40 h
CEIP Wenceslao Fdez. Flórez	9:25 h	16:30 h

Estas paradas e horarios poden variar en función da demanda.

- As actividades propias do programa realizaranse de 9:30 a 13:30 horas. Serán actividades lúdico - deportivas e culturais e estarán relacionadas coa Semana Santa. Faranse grupos de 14 participantes por idades co/coa seu/súa monitor/a en espazos diferenciados para cada grupo.
- Por último, de 13:30 a 16:30 horas. haberá servizo de comida no comedor escolar para quen o solicite, e os participantes farán actividades logo da comida e antes de que saia o transporte ou sexan recollidos/as polos/as seus/súas pais/nais ou titores. Se non houbera as solicitudes suficientes para poñer en marcha o servizo de comida, as actividades rematarían ás 14:30 horas e o autobús sairía a esa hora. Habería atención aos participantes aos que vaian a recoller ao centro de 14:30 a 15:00 horas.

O horario do transporte, neste caso, sería o seguinte:

PARADA	Horario de ida	Horario de volta
CEIP Plurilingüe Graxal	8:50 h	15:05 h
CEIP Portofaro	8:55 h	15:00 h
P. Bus rotonda entrada A Barcala	8:55 h	15:00 h
EEl San Bartolomeu de Pravio	9:00 h	14:55 h
CEIP Emilio Glez. López de Brexo-Lema	9:05 h	14:50 h
CEIP GTB de Sigrás	9:15 h	14:40 h
CEIP Wenceslao Fdez. Flórez	9:25 h	14:30 h

- **Prezos:** O prezo público e as reducións son as reflectidas no Acordo regulador do prezo público por actividades extraescolares municipais, artigo 4º, apartado 9 programa de actividades extraescolares en períodos vacacionais: 1,00 euro/ hora polas actividades e 4 euros/ día pola comida. Tendo en conta o número total de horas do programa por módulos o prezo sería o seguinte:

Módulo Mañanceiro - Almorzo: 2 euros/día.

Módulo actividades mañá: 4 euros/día.

Módulo da comida: 3 euros/ día + 4 euros/día (comida).

Tendo en conta as diversas modalidades existentes as tarifas a aplicar por modalidade e quenda son as seguintes:

Nº MODALIDADE	MODALIDADE	IMPORTE ACTIVIDADE	IMPORTE COMIDA	IMPORTE TOTAL
1	Mañanceiro (con/sen almorzo) e actividades ( sen transporte nin de ida nin de volta) 6 horas: de 7:30 a 13:30 horas.	24 €	_____	24 €
2	Mañanceiro (con/sen almorzo), actividades e comida (sen transporte de ida e con transporte de volta) 9 horas: de 7:30 a 16:30 horas.	36 €	16 €	52 €
3	Actividades e comida (con transporte de ida e volta) 7 horas de 9:30 a 16:30 horas.	28 €	16 €	44 €
4	Só actividades (Só con transporte de ida) 4 horas de 9:30 a 13:30 horas.	16 €	_____	16 €

Se non houbera o servizo da comida o importe sería o que corresponda polo número de horas segundo a modalidade elixida.

- **Inscripcións:** O período de inscrición irá do 6 ao 13 de marzo de 2023 (ambos inclusive).

- **Datas de publicacións de solicitudes admitidas e lista de agarda:**

**CASO 1.- Se non se reciben máis solicitudes que prazas:**

Se non se reciben máis solicitudes que prazas no periodo de inscrición, o anuncio inicial de aceptación de solicitudes cos servizos que inicialmente poden poñerse en marcha en función das solicitudes recibidas publicarase a partir das 14:00 horas do 20 de marzo de 2023 na páxina web municipal ou se poderá chamar ao concello de Cambre (concellería de Educación) no nº de tf.: 981 613 291.

A baixa ou cambio de modalidade solicitarase por escrito presentándoa en calquera dos rexistros municipais solicitando cita previa ou por correo electrónico ([educacion@cambre.org](mailto:educacion@cambre.org)) ata as 23:59 horas do 22 de marzo de 2023. Logo desas datas procederase igualmente ao cobro da actividade, agás se a solicitude de baixa ou cambio de modalidade fose por causa de forza maior e xustificada.

Haberá unha publicación definitiva de solicitudes admitidas e lista de agarda e os servizos definitivos que van realizarse a partir das 10:00 horas do día 27 de marzo de 2023 na páxina web municipal, xa que por mor das baixas ou cambios de modalidade a información inicial poden variar.

**CASO 2.- Se se reciben máis solicitudes que prazas:**

Se se reciben máis solicitudes que prazas no periodo de inscrición, realizarase valoración das solicitudes presentadas. Para o que a partir do 14 de marzo de 2023 requirirase a seguinte documentación necesaria:

- Informe da empresa no que conste que o/a traballador/a vai traballar nos días para os que solicita o campamento para o/a seu/súa fillo/a, ou calquera outro documento que o acredite; no caso de autónomos o último recibo de pago ou outro documento que acredite a súa situación laboral activa e unha declaración xurada na que indique que vai traballar nos días para os que solicita o campamento para o/a seu/súa fillo/a.
- Autorización asinada polo/a solicitante e todos os membros da súa unidade familiar maiores de idade para que o concello de Cambre solicite o nivel de renda á Axencia Tributaria do ano 2021.
- Libro de familia completo, para saber cantos membros forman a unidade familiar.
- No caso de separación ou divorcio, sentenza de separación, convenio regulador onde indique a pensión de manutención que percibe polo/a seu fillo/a (de ser o caso).

Se xa presentou no ano 2022 ou no ano 2023 o Libro de Familia, a sentenza de separación, convenio regulador e o nº de IBAN, non será necesario que o presente de novo se esa documentación está en vigor, pero si é obrigatorio que o indique expresamente na súa solicitude, con mención expresa ao expediente no que obre a documentación.

O concello de Cambre, poderá solicitar canta información necesite para calcular a renda per cápita anual da unidade familiar se así o estima oportuno para o que a familia deberá presentar a documentación requirida no prazo que se estableza.

Esta documentación para a súa valoración a terán que presentar, logo do requerimento (que poderá ser por notifica.gal ou no seu defecto por correo postal e darase a coñecer tal circunstancia na páxina web municipal):

- Via telemática pola sede electrónica do concello de Cambre, ou
- En calquera dos rexistros de entrada municipais ou por calquera dos medios establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Neste caso, os pais, nais ou titores/as deberán consultar na páxina web municipal ou chamar ao Concello de Cambre (concellería de Educación 981 613 291) a partir das 14:00 horas do día 27 de marzo de 2023 para coñecer a relación inicial de solicitudes admitidas e lista de agarda e os servizos que inicialmente poden poñerse en marcha en función das solicitudes recibidas. Esta información pode variar logo das baixas ou cambio de modalidade que se comuniquen por parte dos solicitantes admitidos/as.

A baixa ou cambio de modalidade solicitarase por escrito presentándoa en calquera dos rexistros municipais solicitando cita previa ou por correo electrónico ([educacion@cambre.org](mailto:educacion@cambre.org)) ata as 23:59 horas do 29 de marzo de 2023. Logo desas datas procederase igualmente ao cobro da actividade, agás se a solicitude de baixa ou cambio de modalidade fose por causa de forza maior e xustificada.

Haberá unha publicación definitiva de lista de solicitudes admitidas e lista de agarda e os servizos definitivos que van realizarse a partir das 10:00 horas do día 31 de marzo de 2023 na páxina web municipal xa que por mor das baixas ou cambios de modalidade a información inicial poden variar.

**Importante a ter en conta polos/as pais/nais ou titores:**

- As autorizacións que figuran na solicitude deben ser cubertas. De non ser cubertas ou omitir a dita información, o Concello non se fará responsable das circunstancias que poidan ocorrer relacionadas coas mesmas.
- Os participantes non poderán achegar material propia da casa nin aparellos electrónicos nin teléfono móbil.
- Os participantes non poderán levar comida para o almuerzo nin para a comida pero si para a merenda a media mañá.

Cambre, 28 de febreiro de 2023

O Concelleiro de Educación

Miguel Ángel Gutiérrez Nieto